

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I0RF	<i>Expediente</i> CON/75/2018	<i>Fecha</i> 19-05-20 11:26

Número 10 .- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras relativa á adxudicación do contrato de "Prestación do servizo da diagnosis, reparacións urxentes e plan de mantemento dos muros de contención de titularidade municipal do barrio de Fontiñas".

Destinatario

15078DCMG14I0RF?



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 18 de maio de 2020 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 10 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE CENTROS SOCIOCULTURAI, BARRIOS E OBRAS RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "PRESTACIÓN DO SERVIZO DA DIAGNOSIS, REPARACIÓNS URXENTES E PLAN DE MANTEMENTO DOS MUROS DE CONTENCIÓN DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO BARRIO DE FONTIÑAS".

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 21 de febreiro de 2020, do concelleira delegada de Economía e Facenda. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, número 2020/668 de data 24.7.20.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**José Javier Fernández Martínez**, concelleiro delegado de centros socioculturais, barrios e obras, e presidente da mesa de contratación da licitación "Prestación do servizo da diagnose, reparacións urxentes e plan de mantemento dos muros de contención de titularidade municipal do barrio de Fontiñas", consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 17/06/2019,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I0RF	<i>Expediente</i> CON/75/2018	<i>Fecha</i> 19-05-20 11:26

Primeiro: Con data 28 de xaneiro, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador INGENIERIA DEL NOROESTE SL.

Segundo: Con data 13 de febreiro, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa INGENIERÍA DEL NOROESTE SL (CIF: B15128838), por un importe de **19.600 euros** (IVE aparte 21%: 4.116 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Asume a supervisión deste contrato o servizo municipal de Obras e Proxectos, que designa para este cometido a Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños, canles e portos.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 15321 64001."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Adxudicar o contrato de "**Prestación do servizo da diagnose, reparacións urxentes e plan de mantemento dos muros de contención de titularidade municipal do barrio de Fontiñas**" a favor da empresa INGENIERIA DEL NOROESTE SL (CIF: B15128838), por un importe de **19.600 euros**, (IVE aparte 21%: 4.116 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Asume a supervisión deste contrato o servizo municipal de Obras e Proxectos, que designa para este cometido a Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños, canles e portos.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I0RF	<i>Expediente</i> CON/75/2018	<i>Fecha</i> 19-05-20 11:26

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 15321 64001.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Gumersindo Guinarte Cabada

